



## **Concello de Burela**

**Concellaría de Servizos Sociais**

**Centro de Información ás Mulleres**

### **VI CONCURSO DE LEMAS**

*"25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres"*

#### **OBXECTIVO DO CONCURSO:**

Transmitir a través de mensaxes curtas a importancia da educación en igualdade e da necesidade da eliminación da violencia contra as mulleres.

#### **BASES:**

- 1) Cada participante pode enviar ata un máximo de 5 lemas.
- 2) Cada participante proporalle á organización os lemas que elixiu enviando unha mensaxe de correo electrónico a [cim@burela.org](mailto:cim@burela.org), co asunto VI Concurso de lemas "25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres", no que incluírá o seu nome completo, o seu número de teléfono, unha dirección de correo electrónico á que se poida responder.
- 3) O lema debe constar de sete palabras como máximo.
- 4) O lema debe ser o suficientemente significativo e estar relacionado co tema proposto.
- 5) Entre todos os lemas enviados escollerase un, que será o que distinga a celebración do "Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres" do ano 2017.
- 6) O xurado do concurso pode declarar deserto o mesmo.
- 7) O prazo de entrega rematará o 21 de novembro de 2016. O lema gañador darase a coñecer no acto público que terá lugar o venres 25 de novembro no Salón de Plenos da Casa do Concello.
- 8) A persoa gañadora accederá a que a organización recoñeza públicamente a autoría do lema e divulgue o seu nome. Conservará os dereitos intelectuais sobre o lema, pero renunciará a reclamar calquera tipo de compensación pola utilización do lema e por tempo indefinido en calquera mención presente ou futura por parte do Concello de Burela.
- 9) A participación neste concurso implica a aceptación de todas as bases.

Burela, 17 Outubro de 2016

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez  
Concelleira de Servizos Sociais, Facenda e Mar